

Programación de proba libre de módulos profesionais

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021482	IES San Clemente	Santiago de Compostela	2012/2013

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IFC	Informática e comunicacións	CSIFC02	Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma	Ciclo formativo de grao Superior	LIBRE

Módulo profesional

Código MP	Nome	Horas
MP0491	Sistemas De Xestión Empresarial	87

Profesorado responsable

Ramón Trincado Álvarez

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1 Primeira parte da proba

2.1.1 Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
<ul style="list-style-type: none">RA1. Identifica sistemas de planificación de recursos empresariais e de xestión de relacións con clientes (ERP-CRM), recoñece as súas características e verifica a configuración do sistema informático.
<ul style="list-style-type: none">RA2. Implanta sistemas ERP-CRM, para o que interpreta a documentación técnica e identifica as opcións e os módulos.
<ul style="list-style-type: none">RA3. Realiza operacións de xestión e consulta da información seguindo as especificacións de deseño e utilizando as ferramentas proporcionadas polos sistemas ERP-CRM.
<ul style="list-style-type: none">RA4. Adapta sistemas ERP-CRM, para o que identifica os requisitos dun suposto empresarial e utiliza as ferramentas proporcionadas por eles.
<ul style="list-style-type: none">RA5. Desenvolve compoñentes para un sistema ERP-CRM, para o que analiza e utiliza a linguaxe de programación incorporada.

2.1.2 Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
RA1. Identifica sistemas de planificación de recursos empresariais e de xestión de relacións con clientes (ERP-CRM), recoñece as súas características e verifica a configuración do sistema informático.

Criterios de avaliación do currículo
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA1.1. Recoñecéronse os sistemas ERP-CRM máis empregados na actualidade. ▪ CA1.2. Comparáronse sistemas ERP-CRM en función das súas características e dos seus requisitos. ▪ CA1.3. Identificouse o sistema operativo acaído para cada sistema ERP-CRM. ▪ CA1.4. Identificáronse a linguaxe de desenvolvemento e o sistema xestor de datos empregado por cada sistema ERP-CRM. ▪ CA1.5. Verificáronse as configuracións do sistema operativo e do xestor de datos para garantir a funcionalidade do ERP-CRM. ▪ CA1.6. Documentáronse as operacións realizadas. ▪ CA1.7. Documentáronse as incidencias producidas durante o proceso.
RA2. Implanta sistemas ERP-CRM, para o que interpreta a documentación técnica e identifica as opcións e os módulos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.1. Identificáronse os tipos de licenza. ▪ CA2.2. Identificáronse os módulos que compoñen o ERP-CRM. ▪ CA2.3. Realizáronse instalacións monoposto. ▪ CA2.4. Realizáronse instalacións cliente/servidor. ▪ CA2.5. Configuráronse os módulos instalados. ▪ CA2.6. Realizáronse instalacións adaptadas ás necesidades formuladas en diferentes supostos. ▪ CA2.7. Verificouse o funcionamento do ERP-CRM. ▪ CA2.8. Documentáronse as operacións realizadas e as incidencias.
RA3. Realiza operacións de xestión e consulta da información seguindo as especificacións de deseño e utilizando as ferramentas proporcionadas polos sistemas ERP-CRM
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.1. Utilizáronse ferramentas e linguaxes de consulta e manipulación de datos proporcionados polos sistemas ERP-CRM. ▪ CA3.2. Xeráronse formularios. ▪ CA3.3. Xeráronse informes. ▪ CA3.4. Exportáronse datos e informes. ▪ CA3.5. Automatizáronse as extraccións de datos mediante procesos. ▪ CA3.6. Documentáronse as operacións realizadas e as incidencias observadas.
RA4. Adapta sistemas ERP-CRM, para o que identifica os requisitos dun suposto empresarial e utiliza as ferramentas proporcionadas por eles.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA4.1. Identificáronse as posibilidades de adaptación do ERP-CRM. ▪ CA4.2. Adaptáronse definicións de campos, táboas e vistas da base de datos do ERP-CRM. ▪ CA4.3. Adaptáronse consultas. ▪ CA4.4. Adaptáronse interfaces de entrada de datos e de procesos. ▪ CA4.5. Personalizáronse informes. ▪ CA4.6. Adaptáronse procedementos almacenados de servidor. ▪ CA4.7. Realizáronse probas das adaptacións realizadas no ERP-CRM. ▪ CA4.8. Documentáronse as operacións realizadas e as incidencias observadas.
RA5. Desenvolve compoñentes para un sistema ERP-CRM, para o que analiza e utiliza a linguaxe de programación incorporada
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA5.1. Recoñecéronse as sentenzas da linguaxe propia do sistema ERP-CRM. ▪ CA5.2. Utilizáronse os elementos de programación da linguaxe para crear compoñentes de manipulación de datos. ▪ CA5.3. Modificáronse compoñentes de software para lle engadir funcionalidade no va ao sistema. ▪ CA5.4. Integráronse os novos compoñentes de software no sistema ERP-CRM. ▪ CA5.5. Verificouse o correcto funcionamento dos compoñentes creados. ▪ CA5.6. Documentáronse todos os compoñentes creados ou modificados.

2.2 Segunda parte da proba

2.2.1 Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Os mesmos recollidos no punto 2.1.1

2.2.2 Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Os mesmos recollidos no punto 2.1.2

3. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

O alumno deberá demostrar o dominio dos CA correspondente a cada RA

4. Características da proba e instrumentos necesarios para o seu desenvolvemento

4.1 Primeira parte da proba

Nesta parte da proba escrita so se precisa bolígrafo, o resto do material será facilitado polo centro.

4.2 Segunda parte da proba

Proba práctica na que se resolverán en ordenador un ou varios supostos baseados no currículo.
Instrumentos necesarios: ordenador e software necesario proporcionados polo centro.